



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2016

Bases que regulan a participación no concurso de disfraces que organiza o Concello de Oleiros, o venres 12 de febreiro na polideportiva municipal Arsenio Iglesias de Sta. Cruz

PRIMEIRO.- O Concello de Oleiros organiza un concurso de disfraces no que poderán participar todas as persoas **maiores de 16 anos** que o desexen. Os disfraces de grupo poderán incluír algún membro menor de 16 anos.

SEGUNDO.- Poderán inscribirse previamente antes das 12:00 h do xoves 11 febreiro de 2016 por calquera das seguintes formas:

- Por **correo electrónico**, enviando ao enderezo de correo electrónico e.rodriquez@oleiros.org a inscrición que poderán descargar na páxina web www.oleiros.org.
- A través do teléfono **981 610 000**.
- Acudindo ás **oficinas de Servizos Sociais** na rúa Camilo Díaz Baliño de Oleiros.

(Se realizan a inscrición por internet ou por teléfono, a persoa que represente o disfraz deberá retirar o dorsal e asinar a ficha de inscrición o venres 12 de febreiro entre as 19:00 e as 19:30 horas na polideportiva municipal de Arsenio Iglesias).

Tamén poderán inscribirse o mesmo día da celebración do concurso, o venres 12 de febreiro, na polideportiva Arsenio Iglesias de Sta. Cruz entre as **19:00 e as 19:30 horas**.

A inscrición debe ser cuberta e asinada sempre pola persoa que vai disfrazada, nos disfraces de grupo por un dos compoñentes.

Na inscrición deberán especificar todos os elementos que conforman os disfraces e as dimensións. Debido ás características da instalación e o escenario, estes elementos non deberán exceder das dimensións de 1,20 de ancho x 1,50 de longo e 2 metros de alto.

Os disfraces poderán levar carrozas doutras dimensións, pero estas non entrarán no recinto, colocaranse nun recinto exterior e non serán valoradas para o concurso.

Debido ás limitacións do recinto, no momento que este se encha, a organización non habilitará ningún espazo alternativo. Non se poderá trasladar ningunha carroza ao recinto antes das 18:00 da tarde e sempre despois de solicitar o permiso ao equipo de seguridade que ordenarán os espazos do recinto. Os transportes que se utilicen para trasladar as carrozas deberán aparcar no espazo habilitado como aparcamento da festa.

TERCEIRO.- Establécense dúas categorías: “GRUPOS” (dúas ou máis persoas), ou ben “INDIVIDUAL” (unha persoa).

CUARTO.- O concurso terá lugar o venres 12 de febreiro durante a celebración do ENTROIDO 2016 na polideportiva municipal Arsenio Iglesias de Sta. Cruz.

As persoas participantes realizarán un desfile subindo ao escenario a partir das 19:45 horas. No desfile só se poñerá a música de fondo seleccionada pola organización. As persoas participantes non poderán estar máis de 2 minutos enriba do escenario, o suficiente para desfilar e que público e xurado poidan observar os disfraces.

Non poderán utilizar ningunha substancia que poida ser inflamable ou perigosa.



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS

QUINTO.- Valorarase a creatividade, posta en escena, orixinalidade, novidade respecto a disfraces de anteriores edicións, calidade na confección e as características dos materiais utilizados, ademais valorarase aqueles disfraces onde o conxunto de todos estes elementos sexa representativo do espírito festeiro do Entroido.

SEXTO.- O fallo do xurado comunicarase ao remate da festa.

SÉTIMO.- O xurado estará presidido polo concelleiro de Servizos Sociais ou pola persoa en quen delegue. Os membros do xurado serán nomeados pola Concellería de Servizos Sociais.

OITAVO.- Establécense os seguintes premios:

Grupos

1º Premio **1000 €**

2º Premio 700 €

Dous 3º Premios de 400 € .

Individual

1º Premio **300 €**

2º Premio 200 €

Dous 3º Premios de 100 €

Ademais estarán dispoñibles tres accésits: un en categoría de grupo de 400 € e dous en categoría individual de 100 € cada un, para que o xurado os adxudique se o considera convinte atendendo a calidade global de todas as persoas participantes, as características do disface ou da súa interacción durante a festa..., debendo o xurado argumentar os motivos do seu fallo nas persoas premiadas por estes accésits.

Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF correspondente.

Os premios faranse efectivos con posterioridade nas oficinas do Concello. O Concello comunicará por teléfono as datas nas que poderán facer efectivo o premio. O aboamento dos premios realizarase a nome das persoas que cubran e asinen as fichas de inscrición.

NOVENO.- O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios.

DÉCIMO.- A aceptación do concurso levará implícita a aceptación das bases. O fallo será inapelable, o xurado resolverá calquera circunstancia non prevista nas bases. Calquera circunstancia non prevista nestas bases e que poida alterar o normal desenvolvemento do concurso deberá ser consultada coa organización.